

Venres, 31 de maio de 2019

Núm. 103

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### RODEIRO

#### Subvencións e axudas

#### *APERTURA DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO MUNICIPIO NO CURSO 2018-2019*

Na Xunta de Goberno Local do 15.05.2019 aprobouse realizar a convocatoria para o curso lectivo 2018-2019 das axudas reguladas pola Ordenanza para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello que cursa estudos fóra do termo municipal.

#### CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA O CURSO 2018-2019

**Obxecto e finalidade.-** Facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar ás familias polos gastos que teñen que afrontar no desprazamento dos estudantes fóra do termo municipal.

Estas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 320/480, co límite de 14.000,00 €.

**Destinatarios.-** Os alumnos que estean cursando estudos oficiais de Bacharelato ou Formación Profesional en centros públicos que estean situados en concellos lindeiros ao de Rodeiro e cumpran cos requisitos establecidos na Ordenanza reguladora.

**Solicitud e documentación.-** As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Para elo deberase empregar o modelo oficial dispoñible na páxina web do Concello -[www.rodeiro.org](http://www.rodeiro.org)- e achegar a documentación que se sinala na ordenanza reguladora.

**Contía.-** Determinarase en función do lugar de residencia do beneficiario de acordo co disposto na ordenanza. No caso de que o número de solicitudes admitidas superen o importe da partida orzamentaria, estes reduciranse de xeito lineal e proporcional ata axustalas ao crédito dispoñible.

En todo o non previsto nesta convocatoria respectarase o disposto na ordenanza reguladora, publicada no BOP núm. 244, do 18 decembro de 2015, coa modificación publicada no BOP núm. 93, do 16.05.2017 e, de xeito supletorio na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Rodeiro, 22 de maio de 2019. (Asinado dixitalmente).

O alcalde,  
*Luís López Diéguez*

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 240D3842CUSTCM4J

